

# ID#556

Neaño - Cesullas - Cabana de Bergantiños, 1980

**Informante:** Francisco (39)

**Compiladora:** Dorothe Schubarth

**Transcripción:** Dorothe Schubarth e Antón Santamarina



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Indo pá feira d' Anllónse  
todo el é mal camiño  
encontrámosche ó demo  
metido nun buratiño.

Váleme, valerosa  
Váleme, vale  
Váleme, valerosa  
Virxen do Carmen.

Por moito que digas digas  
miña cuñadiña nova  
por moito que digas digas  
miña nai é túa sogra.

Váleme, valerosa...

Viva Langueirón e Tallo,  
Tella, Allónes e o esto  
Eu tamén quero que viva  
San Pedro de Corcoesto.

Váleme, valerosa...

Non chas quero, non chas quero  
Nabizas do teu nabal-e  
Non chas quero, non chas quero  
Que me podem facer mal-e  
Ai la le lo ai la lai lo.

Rapaza si vas  
Ó río a lavar  
Non tórza-la ropa  
Que a pode rachar

A travesei o teu liño  
Dábame pola cintura  
Non sei s' é liño, se é herba  
Bagaña non tén ninghuna  
Ai la le lo ai la lai lo.

Rapaza si vas...

## ID#556



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

Miña sogra morriu onte,  
Enterreina no palleira  
Deixeill'un braciño fora  
Para toca-lo pandeiro  
Ai la le lo ai la lai lo.

Rapaza si vas...

Miña sogra morriu onte,  
Enterreina no valado  
Cando paso por alí-e  
Chóscoll' o ollo de lado  
Ai la le lo ai la lai lo.

Rapaza si vas...

Acolá naquela banda  
hai un pano que foi meue  
rapaza si non me queres  
a culpa túve-na ieue  
Ai la le lo ai la lai lo.

Meniña si vas...

Ista noite hai unha fía  
Tamén hai unha espadela  
Bótam'o caldo mi madre, ai  
Qu'eu tamén quero ir a ela

Ia miña muliña cando vai pró muíño  
ai vai enfariñada cheíña de frío  
cheíña de frío tamén de xiada  
ai a miña burriña sempre vai cargada.

Anque vou ó fiadeiro  
Non vou por fiá-la roca  
Vou por tocá-lo pandeiro  
Ai qu'esta nuite a min me toca

Ia miña muliña...

Indo pá feira d' Anllónse  
todo el é mal camiño  
encontrámosche ó demo  
metido nun buratiño.

## ID#556



Museo  
do Pobo  
Galego



instituto de  
estudos das  
identidades

/: Veño da feira de Baio  
mira Maruxiña mira :/  
da feira de Baio veño, mira  
mira Maruxiña, mira  
mira como veño.

/: Veño de comprar un porco,  
mira, Maruxiña mira, :/  
de comprar un porco veño.

Que si o porco come moito  
Mira, Maruxiña, mira,  
Bótall'o caldeiro cheo  
mira, mira Maruxiña, mira,  
mira como veño.

Que si mo compras con rabo  
mira, Maruxiña, mira,  
non me colle no cortello  
mira, mira Maruxiña, mira  
mira como veño.

Eu pasei por Camariñas  
por Camariñas pasei cantando  
as nenas de Camariñas  
quedan no río, quedan lavando.

Ai a Corme patrón a Corme  
ai a Corme si pode sere  
ai a Corme collín amores  
ai a Corme quero volvere

A corme non vou  
Que dormen no chán  
Despachan os mozos  
Ás seis da mañán